

## ANEXO I

### CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS PERSOAS BOLSEIRAS

Establécense os seguintes criterios do baremo. A nota final obterase da suma das puntuacións dos seguintes apartados:

1. Adecuación da titulación e do perfil da persoa bolsreira (30 %)
2. Expediente académico (20 %)
3. Coñecementos de idiomas (20 %)
4. Méritos (10 %)
5. Entrevista persoal (20 %)

O proceso selectivo será supervisado polo xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra (ou a persoa en quen delegue).

En caso de empate, os criterios de desempate serán, por esta orde:

- A maior puntuación no expediente
- A maior puntuación na formación en idiomas

No caso de continuar empatados, o desempate determinarase por sorteo.

#### 1. ADECUACIÓN DA TITULACIÓN E DO PERFIL DA PERSOA BOLSEIRA (30 %)

- Valoraranse ata un máximo de 2 puntos a motivación, a autonomía, a madurez, o compromiso co programa e as habilidades comunicativas (a partir do informe da persoa titora, equipo didáctico ou orientador ou orientadora do centro)
- Valorarase a actitude nas clases e a asistencia regular ao ciclo cursado ata un máximo de 1 punto:
  - Asistencia a máis do 90 % das clases: 0,5 puntos
  - Asistencia a menos do 90 % das clases: 0 puntos
  - Ausencia de faltas de conduta: 0,5 puntos
  - Existencia dalgunha falta de conduta: 0 puntos

#### 2. EXPEDIENTE ACADÉMICO (20 %)

Valorarase ata un máximo de 2 puntos, calculando a media aritmética das cualificacións obtidas no ciclo formativo de grao medio (dos cursos finalizados):

PUNTUACIÓN NUMÉRICA	PUNTUACIÓN NON NUMÉRICA	BAREMO
Do 6 ao 6,99	Aprobado	0,5
Do 7 ao 8,99	Notable	1
Do 9 ao 10	<b>Sobresaínte</b>	1,5
Matrícula de honra	2	

Non se terán en conta as cualificacións validadas.

### **3. COÑECEMENTOS DE IDIOMAS (20 %)\***

#### 3.1. Certificados de nivel de idioma vehicular do país de destino (ou inglés no seu defecto)

Polo certificado oficial da Escola Oficial de Idiomas ou un equivalente legalmente homologado sumarase ata un máximo de 2 puntos.

A1:	0 puntos
A2:	0,5 puntos
B1:	1 punto
B2:	1,5 puntos
C1 ou C2:	2 puntos

Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a conseguir outra de nivel superior.

Sen certificado oficial: realización dunha proba de nivel (escrito + oral), ata un máximo de 1 punto.

#### 3.2. Baremo dun segundo idioma

Valorarase o coñecemento doutro idioma cun nivel mínimo de A2 e coa acreditación dun certificado oficial, do mesmo xeito que para o idioma vehicular do país de destino (ou inglés no seu defecto), ata un máximo de 1 punto:

A2:	0,5 puntos
B1, B2, C1, C2:	1 punto

\*A puntuación máxima que se pode obter neste apartado é de 2 puntos.

### **4. MÉRITOS (10 %)**

Valorarase con 0,5 puntos cada título de formación profesional de grao medio diferente ao que lle dea acceso á mobilidade, ata un máximo de 1 punto.

### **5. ENTREVISTA PERSOAL (20 %)**

Habilidades persoais e sociais suficientes para desenvolverse en contornos distintos dos habituais. Valorarase a acreditación da pertenza a calquera tipo de ONG ou a participación en programas de voluntariado, interese, iniciativa etc.

*(Información obtida no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do venres 9 de novembro de 2016)*